Inscrición

A fase final do Concurso terá lugar o sábado 13 de marzo de 2027 no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.
Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición **antes do día 20 de xaneiro de 2027 inclusive** e presentando a documentación seguinte:

- Cubrir o boletín de inscrición online.
https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSeJ8nbsxHmMay5YCTQ8Ilqdzo-eanwy6zHk6G3s3juisfFpAQ/viewform?usp=dialog

Remitir por correo electrónico a **concursomestrevide@gmail.com**:

- Resgardo bancario da cota de inscrición a abonar neste número de conta:
  ABANCA ES65 2080 5260 7031 1007 1809
  Concepto: Categoría_Nome do participante
- Copia do DNI ou pasaporte.
- Copia das obras a interpretar na fase eliminatoria indicando a súa duración. (Soamente se aceptarán partituras en formato PDF)
- Vídeo para a fase eliminatoria (formato mp4, MOV, AVI ou enlace de vídeo Youtube)

Máis información na nosa web:
www.conservatoriourense.gal
Ou no teléfono: 988 39 10 47

Organiza:

c:mus

Colaboran:

MUSICAL González

Milenio Music

piccolo MUSIC STORE

ANPA c:mus

VIII Concurso Mestre Vide



Sábado, 13 de marzo de 2027.

Bases

1º Poderán participar neste Concurso estudantes de calquera especialidade que estean matriculados no curso 2026/2027 en calquera dos Conservatorios de Grao Elemental ou Grao Profesional de Galicia, agás os que obtiveron o 1º premio do xurado en edicións anteriores, salvo que o fagan nunha categoría superior.
2º O Concurso está aberto a solistas de tódalas especialidades. Non se poderán empregar instrumentos electrónicos.
3º O desenvolvemento da proba final será público e o seu aforo estará supeditado á capacidade da sala.
4º A proba final do Concurso será gravada e retransmitida en directo a través da canle oficial de YouTube do Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Así mesmo, as gravacións poderán quedar dispoñibles na devandita canle para a súa posterior visualización e difusión.
5º A fase final do Concurso levarase a cabo no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.
6º A organización resérvase o dereito de modificar as datas ou calquera outro imprevisto que poida xurdir.
7º Os concursantes que precisen acompañamento musical deberán achegar os seus propios acompañantes. En ningún caso se autorizará a participación se se empregan gravacións, audios e/ou outros medios electrónicos.
8º O Concurso constará de **dúas fases**. Na fase eliminatoria os aspirantes deberán enviar un vídeo por correo electrónico cunha duración máxima de 5 minutos interpretando unha das obras ou movementos de obra presentados a concurso.

O xurado avaliará as obras presentadas e seleccionará ata un máximo de sete finalistas de cada categoría que pasarán á fase final na que interpretarán todo o repertorio completo presentado a concurso. A relación de **finalistas** será publicada na páxina web o **15 de febreiro** e a cada finalista comunicaráselle por correo electrónico o seu pase á fase final.
9º Os concursantes deberán acreditarse debidamente, presentando o DNI ou pasaporte. Son causas de exclusión directa do concurso a falsidade na documentación achegada.
10º Tódolos concursantes recibirán un certificado acreditativo.
11º A cota de inscrición será de **20 €** para tódalas categorías. Non será reembolsable.
12º A inscrición no Concurso leva á aceptación das bases.
13º Aqueles concursantes que desexen optar ó **Premio Mestre Vide**, deberán presentar, incluída na súa participación, unha obra ou movemento de obra do compositor. A duración desta obra excluirase do tempo de interpretación marcado para a categoría pola que concursa.
14º O xurado estará integrado por tres membros, profesionais de recoñecido prestixio no ámbito musical, con perfís vinculados á composición, á interpretación e á musicoloxía. Así mesmo, formará parte do xurado unha cuarta persoa, que exercerá funcións auxiliares e actuará con voz pero sen voto, colaborando no desenvolvemento das sesións e no labor organizativo e de apoio ao xurado.
15º O fallo do xurado será inapelable, incluíndo os supostos non previstos nestas bases.

Categorías e Premios

CATEGORÍA A: ata 20 anos inclusive, non tendo cumpridos os 21 anos o día 13 de marzo de 2027**.**
Interpretar: un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que **non excederá dos 20 minutos.**
1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 400€. Trofeo. Diploma acreditativo.
2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo.
PREMIO "ANPA" (Premio do público) Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo.

CATEGORÍA B: ata 15 anos inclusive, non tendo cumpridos os 16 anos o día 13 de marzo de 2027**.**
Interpretar: un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que **non excederá dos 15 minutos.**
1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 300€. Trofeo. Diploma acreditativo.
2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 150€. Trofeo. Diploma acreditativo.
PREMIO "ANPA" (Premio do público) Cheque regalo valorado en 150€. Trofeo. Diploma acreditativo.

CATEGORÍA C: ata 11 anos inclusive, non tendo cumpridos os 12 anos o día 13 de marzo de 2027.
Interpretar: un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que **non excederá dos 10 minutos.**
1º PREMIO: Cheque regalo valorado en 200€. Trofeo. Diploma acreditativo.
2º PREMIO: Cheque regalo valorado en 100€. Trofeo. Diploma acreditativo.
PREMIO "ANPA" (Premio do público) Cheque regalo valorado en 100€. Trofeo. Diploma acreditativo.

PREMIO MESTRE VIDE
PREMIO: cheque regalo valorado en 100€ + Trofeo + Diploma acreditativo.